

A 'Estratexia de Cooperación Transfronteiriza 2030' xa está dispoñible para a súa consulta e descarga

O documento está pendurado na pestana de accións da web www.smartminho.eu

A 'Estratexia de cooperación transfronteiriza 2030' [xa está dispoñible para a súa consulta e descarga](#) na web do proxecto Smart Minho, www.smartminho.eu. O documento é o resultado dunha profunda análise económica e social do territorio elaborada por especialistas, axentes políticos e sociais e contou cunha importante participación cidadá a través da organización de varias mesas temáticas, dous foros públicos e un espazo virtual de consultas na web. Segundo explicou o deputado de Cooperación Transfronteiriza e director do AECT Río Minho, Uxío Benítez, trátase “dun traballo innovador que permitirá activar o territorio nunha lóxica unitaria e coherente” e servirá como guía das actuacións en materia de cooperación transfronteiriza para o territorio durante a próxima década.

A Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030 establece un plan de acción en base a cinco eixos estratéxicos: gobernanza e programas de servizos conxuntos; turismo sustentábel e responsábel; cultura transfronteiriza; mobilidade sustentable,

e sustentabilidade e economía innovadora. A Estratexia senta as bases das actuacións, pero “este é un documento vivo, unha ferramenta dinámica a partir da cal se irán definindo as accións concretas”, apuntou Benítez.

O documento pode ser consultado en galego e portugués e proximamente tamén será publicado en papel en dúas edicións bilingües, unha de galego – portugués e outra de castelán – inglés.

A elaboración da Estratexia Rio Minho 2030 é o principal produto do proxecto de cooperación transfronteiriza Smart Minho, do que son [socios](#) a Deputación de Pontevedra, o CIM Alto Minho, o AECT Rio Minho e a Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais.

Outras accións do proxecto Smart Minho, cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP 2014-2020), son a elaboración dun [Plan de Mobilidade Transfronteiriza Sustentable](#) ente o sur da provincia de Pontevedra e o norte de Portugal ou a acción de [Tesouros Humanos Vivos](#), un traballo de recuperación da memoria histórica galego portuguesa e posta en valor deste importante patrimonio inmaterial a través de actividades en escolas, realización dun documental, edición dun libro e creación dunha base de datos pública con toda a información recompilada.

As seis eurociudades da Raia ibérica reúnense en torno ao AECT Río Minho para intercambiar experiencias

A cita tivo lugar na segunda sesión das xornadas sobre Políticas e instrumentos para o desenvolvemento do Río Miño

As xornadas sobre “Políticas e instrumentos para o desenvolvemento do Río Miño Transfronteirizo” organizadas pola [Deputación de Pontevedra](#) e o [AECT Río Minho](#), en colaboración coa [Universidade de Santiago de Compostela](#), continuaron en Tomiño cun encontro de todas as eurociudades da raia ibérica nunha palestra moderada polo director do [AECT Galicia – Norte de Portugal](#), Xosé Lago.

A cita permitiu coñecer de primeira man os traballos desenvolvidos polas seis entidades europeas da fronteira entre España e Portugal e compartir experiencias ao respecto dos similares retos que todas elas afrontan.

A encargada de abrir a mesa foi a presidenta da Eurociudad de Guadiana e alcaldesa de Ayamonte, Natalia Santos, un caso moi similar ao do Río Miño xa que agrupa a tres cidades “unidas por un río”. A continuación foi a quenda do alcalde de

Badajoz, Francisco Javier Fragoso, en representación da Eurocidade Badajoz-Elvas-Campomayor, un exemplo de que “se sumamos e agregamos, somos moito máis fortes” explicou o estremeño, que fixo fincapé na necesidade de “rachar coa mentalidade actual” de separar e “rachar coas fronteiras”.

Seguidamente,

as catro eurocidades galego portuguesas, a da raia seca de Chavés-Verín,

representada polo seu secretario executivo Pablo Rivera, e as tres do Río Miño,

coa alcaldesa de Tomiño, Sandra

González, o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro e o vicepresidente da Cámara

Municipal de Monçao, João Oliveira, presentaron os seus diferentes proxectos.

A Cooperación Europea no mundo

A xornada tamén recolleu os relatorios dos especialistas en cooperación territorial, Martín Guillermo, secretario xeral da [Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas](#) (ARFE – AEBR) e o coordinador da AEBR Gobal Initiative, José María Cruz, que deron a coñecer varios casos exitosos de cooperación transfronteiriza dentro e fóra da Unión Europea.

Guillermo lembrou que “non hai nada mellor para demostrar que algúns países se equivocan pechando as súas fronteiras que ensinar o que conseguen aqueles que as abren” e citou varios exemplos positivos de cooperación no ámbito da saúde como o do hospital de Badajoz, compartido co municipio portugués de Elvas ou o famoso caso do Hospital de Cerdanya, en Girona, o primeiro netamente transfronteirizo de Europa.

Pola súa banda, o coordinador da AEBR Global Initiative, José María Cruz, relatou varios casos de cooperación transfronteiriza en Latinoamérica, un territorio onde “a pesar de que non existe unha visión continental panamericana da cooperación transfronteiriza, xa se teñen creado moitos proxectos interesantes dos que tamén podemos aprender, e nos que vemos que atopamos os mesmos problemas que nas fronteiras europeas, pero máis agudos, atopando por exemplo algunhas situacións de pobreza extrema nas zonas periféricas dos países, unha crecente tensión ou problemas na xestión e explotación de recursos naturais fronteirizos”.

Entre os casos latinoamericanos, Cruz quixo destacar, “polas semellanzas que pode ter co caso do Río Miño” o proxecto do Tramo medio do río Uruguai, entre Arxentina, Uruguai e Brasil, un dos máis coñecidos do continente polos seus resultados.

Un novidoso mecanismo de

xestión proposto pola Unión Europea será a chave do financiamento da Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030

A creación dun Investimento Territorial Integrado (ITI) no territorio galego portugués, permitiría optimizar a xestión os fondos europeos, explicou Benítez

O futuro financiamento da “Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030” reuniu en Tomiño a especialistas estatais, rexionais e representantes de todas as entidades locais do territorio nunhas xornadas organizadas pola Deputación de Pontevedra e o Grupo Ante da Universidade de Compostela.

O encontro serviu para coñecer un innovador instrumento impulsado pola Comisión Europea durante o período 2014 – 2020, o Investimento Territorial Integrado (ITI), que segundo explicou o director do AECT Río Miño, Uxío Benítez, podería ser a chave do financiamento da estratexia miñota. No acto de inauguración tamén estiveron presentes o deputado de Economía da Deputación de Pontevedra, Carlos López Font, a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, o investigador do Grupo Ante, Rubén Lois e o presidente da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira en representación do CIM Alto Minho, João Brito Nogueira.

Segundo

indicou Benítez, un Investimento Territorial Integrado (ITI) é un instrumento de xestión que permite optimizar e integrar fondos europeos garantindo o seu máximo aproveitamento. Para a súa implementación é necesario contar cunha serie de requisitos que “no noso caso cumprimos perfectamente” xa que “ademais de contar cunha situación xeoestratéxica e un enorme potencial de desenvolvemento económico do territorio, temos un documento estratéxico e unha folla de ruta co que queremos facer de aquí ao 2030” polo que a creación dunha ITI para o territorio transfronteirizo durante o próximo marco comunitario dos Fondos Europeos “encaixa perfectamente co noso proxecto”.

Nesa mesma

liña apuntou o secretario xeral da Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE), Martín Guillermo, para quen a posta en marcha dun ITI no territorio sería a “guinda final” a un traballo que dende Europa “levan observando dende o inicio”, co nacemento do AECT Río Miño. “A cooperación transfronteiriza ben feita ten moitos efectos virtuosos que incluso pode atraer investimentos privados e os ITI son mecanismos de xestión que aforran tempo, esforzo e diñeiro”. Para a súa posta en marcha “é imprescindible que exista unha alianza estratéxica cos estados, porque estes teñen a decisión final, pero tamén co

resto de administracións rexionais e locais”, polo que instou a todas elas a comprometerse con este proxecto “xa que aí está a clave”.

Un dos

casos máis significativos dos presentados durante a xornada foi o do ITI

italoesloveno de Gorizia/Nova Gorica/

Sempeter-Vrtojba, o único caso de ITI transfronteirizo en Europa que, segundo

explicou a súa representante, Tanja Curto, garda moitas semellanzas co caso do

Río Miño Transfronteirizo polas súas características similares.

Tamén está

a participar neste encontro o experto en financiamento europeo e consultor para

a Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europea (DG Regio),

Jonatan Paton, o subdirector adxunto de Cooperación Territorial do Goberno

español, Moisés Blanco Maceira ademais de especialistas universitarios en

diferentes materias.

As xornadas continuaron un segundo día cunha reunión de todos os representantes as eurociudades da fronteira ibérica para o intercambio de experiencias e boas prácticas na que participarán entre outros a alcaldesa de Ayamonte, Natalia Santos (Eurociudad del Guadiana); o rexedor de Badajoz, Francisco Javier Fragoso (Eurociudad de Badajoz – Elvas); o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro (Eurociudad Tui – Valença); a alcaldesa de Tomiño, Sandra González (Eurociudad Tomiño –

Cerveira), e o secretario executivo da Eurocidade Chaves Verín, Pablo Rivera Búa.

A Deputación reúne en Tomiño a especialistas para buscar novos mecanismos de financiamento para a Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030

No encontro, liderado polo AECT Río Miño, analizarase o próximo marco financeiro europeo con representantes do Ministerio de Economía e Facenda, Consellería de Facenda, CCDR-N e Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas

Na segunda xornada celebrarase un foro con todas as eurocidades da fronteira ibérica para intercambiar experiencias

Os días 18 e 19 de novembro a Deputación de Pontevedra reunirá en Tomiño a administracións públicas estatais e rexionais de España e Portugal, especialistas en financiamento europeo e

representantes das entidades locais do territorio miñoto, para estudar o futuro financiamento da estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030, con vistas ao novo marco financeiro europeo.

Será nunhas xornadas organizadas conxuntamente pola institución provincial e o Grupo Ante da Universidade de Santiago de Compostela, segundo anunciou o director do [AECT Rio Minho](#), Uxío Benítez.

Á cita en

Tomiño acudirán destacados expertos en financiamento europeo como o secretario xeral da Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE),

Martín Guillermo; o coordinador da ARFE Global Initiative, José María Cruz; o

consultor para a Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión

Europea (DG Regio), Jonatan Paton; representantes do Ministerio de Hacienda e da Consellería de

Facenda da Xunta de Galicia; da Comisión de Coordinación de Desenvolvemento

Rexional do Norte de Portugal e da AECT Galicia – Norte de Portugal.

Tamén estarán en Tomiño os principais actores locais do territorio, as tres eurociudades do Miño (Tui – Valença, Tomiño – Cerveira e Salvaterra – Monçao) e as alcaldías e cámaras municipais transfronteirizas, liderados polo AECT Rio Minho, para estudar conxuntamente os mecanismos de financiamento das accións incluídas dentro do documento estratéxico galego portugués.

ITI Río Miño

Segundo

explica Benítez, o encontro servirá para afondar na proposta de formulación “dun innovador mecanismo da Unión Europea pouco coñecido en Galiza pero xa implementado con éxito noutros territorios como é o Investimento Territorial Integrado (ITI)” que, segundo apuntou o deputado, “será o instrumento axeitado para a financiar o Plano de Acción da Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030, dado o seu carácter de integración nun mesmo programa dos diferentes instrumentos de financiamento, tanto europeo, como estatal e rexional. “Un ITI transfronterizo permitiría empregar de xeito máis eficaz os fondos para o desenvolvemento territorial”, engadiu Benítez.

Precisamente,

para “coñecer o funcionamento dos ITI e as súas posibilidades convidamos a participar nas xornadas ao único exemplo de ITI transfronteirizo da Unión Europea”, explicou Benítez, “o italoesloveno de de Gorizia/Nova Gorica/ Sempeter-Vrtojba, ademais doutros exemplos como o ITI portugués do Alto Minho e os implementados en Aragón, Andalucía e Castilla la Mancha, xa no ámbito español.”

As xornadas

continuarán o martes 19 cunha reunión de todos os representantes as eurociudades

da fronteira ibérica para o intercambio de experiencias e boas prácticas na que

participarán entre outros a alcaldesa de Ayamonte, Natalia Santos (Eurociudad

del Guadiana); o rexedor de Badajoz, Francisco Javier Frago (Eurociudad de

Badajoz – Elvas); o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro (Eurociudad Tui – Valença);

a alcaldesa de Tomiño, Sandra González (Eurociudad Tomiño – Cerveira), e o

secretario executivo da Eurociudad Chaves Verín, Pablo Búa.

As xornadas están abertas á participación pública mediante inscrición a través da páxina web

www.smartminho.eu/aect/xornadas/ onde tamén se pode consultar e descargar o programa completo e actualizado do encontro.

Tras a

aprobación da Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030 no Consello Consultivo

celebrado en Valença o pasado mes de abril, o documento foi presentado ante as

máximas instancias do goberno español e portugués, presentada no 9º Encontro

Anual da Plataforma de AECTs de Palma de Mallorca e ante a DGRegio en Bruxelas

durante a Semana Europea das Rexións e das Cidades, cunha positiva recepción

por parte de todas as entidades cara este traballo estratéxico na que a

Deputación de Pontevedra leva traballando dende o ano 2017.

A AECT Río Miño reúnese coa Secretaría de Estado da Valorización do Interior de Portugal para tratar os futuros investimentos no territorio transfronteirizo

□ Pulsa para escoitar

Parte do territorio da AECT Río Miño “non só é fronteira, senón tamén interior, o que redunda nunha maior dificultade á hora do seu desenvolvemento”

A AECT Río Miño reuniuse en Portugal co secretario de Estado da Valorización do Interior, João Paulo Catarino, para abordar os futuros investimentos de cooperación transfronteiriza no territorio do Miño, dentro do marco financeiro 2021 – 2027 dos fondos europeos e reivindicar o lugar que o territorio da AECT Río Miño ten que ter dentro dos seus plans de actuación.

Este novo encontro súmase aos xa mantidos nas últimas semanas coa Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal e a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do goberno de España, e tamén hai solicitada unha reunión co presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, sempre co mesmo obxectivo: tratar os próximos orzamentos plurianuais da Cooperación Transfronteiriza europea, e esixir que se

cumpran os compromisos adquiridos durante a Cimeira Hispano – Lusa de 2017, celebrada en Vila Real, onde se apostou por reforzar a cooperación nas zonas transfronteirizas, e especificamente no territorio do río Miño.

Durante o encontro de Pedrogão, o director da Agrupación, Uxío Benítez, puido comentar co secretario de estado portugués algunhas das conclusións da Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030. Segundo explicou Benítez, “parte do territorio da AECT Río Miño enfróntase a un dobre desafío, xa que non só é fronteira, senón tamén interior, o que redonda nunha maior dificultade para estes concellos galegos e portugueses á hora do seu desenvolvemento económico e acrecenta problemas demográficos que podemos atopar en toda a zona fronteiriza”.

“A nosa fronteira é dinámica, e ten enormes potencialidades, pero ao mesmo tempo tamén presenta unha poboación avellentada, unha demografía á baixa e grandes dificultades para fixar a poboación máis nova, que se ve obrigada a emigrar por falta de expectativas, algo que se ve agravado nos municipios do interior – sinalou o director da AECT – polo que os investimentos europeos son cruciais á hora de garantir un correcto desenvolvemento do territorio e unhas condicións de vida dignas para a súa poboación”.

A entidade ten solicitada unha reunión co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, para tratar estas cuestións, así como a proposta de formulación dunha Inversión Territorial Integrada (ITI) no territorio do Río Miño Transfronteirizo.

Medio milleiro de persoas participaron directamente na elaboración da 'Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030'

□ Pulsa para escoitar

O II Fórum do Río Miño Transfronteirizo celebrado en Tomiño supuxo o cumio do proceso participativo da elaboración da 'Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030', na que segundo se deu a coñecer esta mañá, participaron directamente preto de 500 persoas. A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, e o deputado de Cooperación transfronteiriza, Uxío Benítez, presentes no acto, coincidiron a sinalar o positivo destes datos e a importancia que a poboación do territorio tivo como protagonista e principal beneficiaria desta iniciativa do proxecto [Smart Minho](#), do que forman parte a Deputación de Pontevedra, o CIM Alto Minho, a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER) e a [AECT Río Miño](#).

Máis dun cento de persoas déronse cita neste segundo encontro, onde tiveron a oportunidade de coñecer e debater as primeiras conclusións do traballo de análise do territorio que comezou a finais de 2017. Os diferentes mecanismos postos en marcha, que incluíron cinco mesas sectoriais, unha enquisa online, dous fórums públicos e numerosas reunións con ata 13 concellos e câmaras municipais, permitiron realizar un traballo profundo e realista.

O director da FCEER e coordinador da elaboración da estratexia, Valerià Paül, enfatizou a importancia de contar cun documento guía coma este xa que "existen poucos

territorios transfronteirizos en Europa e no mundo que teñan unha estratexia común, e que teñan claramente unha idea do que queren ser e facer. Ademais, os documentos estratéxicos normalmente están trazados a unha escala dos territorios marcados polos espazos de soberanía dos estados, e neste caso, rompemos con isto". Tras un ano de elaboración da Estratexia, no que se realizaron máis de 45 entrevistas, Paül asegurou que "neste caso podemos dicir que hai unha vontade moi clara de deseñar proxectos reais e obxectivos, que sexan moi operativos, sendo o turismo un eixo estrutural". Proba diso son as máis de 80 intervencións e proxectos deseñados durante estes meses, recollidos no Plan de Accións que acompaña ao documento guía.

A segunda ITI transfronteiriza de Europa

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, deu alabanza a este proxecto innovador que ten a poboación do territorio como protagonista e partícipe e sinalou que "no século XXI non podemos deixar de contar coa intelixencia da cidadanía neste tipo de proxectos". Silva lembrou hai 2000 anos "este territorio era o centro da relación económica entre o Atlántico e o Mediterráneo e non a periferia, e que hoxe esta iniciativa da valor e recoñece a nosa posición central, o noso dinamismo e a nosa creatividade".

O deputado de Cooperación Transfronteiriza e director da AECT Río Miño, Uxío Benítez, resaltou "grazas á Estratexia, por primeira vez temos unha visión do territorio como un espazo único" e anunciou que a AECT Río Miño, "con este documento na man que demostra que sabemos o que queremos e onde queremos chegar" reivindicará que "contamos coas condicións obxectivas para acometer no territorio proxectos piloto de cooperación transfronteiriza en todos e cada un dos concellos e cámaras e ademais, podemos converternos na segunda experiencia a nivel europeo de crear un Investimento Territorial Integrado transfronteirizo (ITI) que permita aplicar fondos europeos desde unha visión global do territorio".



O II Fórum do Río Miño transfronteirizo celebrarase o 29 de novembro, en Tomiño

□ [Pulsa para escoitar](#)

Dende finais de 2017, e como acción principal dentro do proxecto Smart Minho, púxose en marcha a elaboración da 'Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030', un documento guía que marcará as liñas de actuación da cooperación entre o sur da provincia de Pontevedra e o Norte de Portugal durante a próxima década. Para a creación da estratexia foi necesario realizar un estudo profundo do territorio, dende o punto de vista económico, social e político, no que participaron os principais actores galego portugueses de cada un destes sectores cun altísimo grao de implicación por parte de todos eles.

A celebración deste II Fórum do Río Miño Transfronteirizo, que se celebrará no Auditorio de Goián (Tomiño) o vindeiro 29 de novembro supón o cumio deste traballo innovador, xa que

existían estudos similares pero non un cunha visión compartida do territorio, e no que a cidadanía tivo a oportunidade de participar, debater e achegar os seus puntos de vista ao documento que se ía elaborando, e polo tanto esta é unha estratexia feita dende a base.

Baixo a coordinación da AECT Río Miño, un equipo de expertos e expertas das 6 unive



rsidades públicas do norte de Portugal e Galiza lideraron este traballo, polo que os resultados contan tamén cun aval académico e tanto a nivel institucional como social o resultado foi moi positivo”, segundo indicou o director da AECT Río Miño e deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, Uxío Benítez. “Realizáronse ata 10 encontros bilaterais entre concellos galegos e cámaras municipais portuguesas e numerosas reunións de traballo no que participaron os diferentes gobernos locais”, engadiu.

Así mesmo, “a elaboración da ‘Estratexia Río Miño 2030’ partiu da premisa de ser un traballo realizado a través da participación cidadá”. Para iso puxéronse en marcha diferentes mecanismos como un “espazo de participación cidadá virtual a

través da páxina web smartminho.eu, unha enquisa pública dirixida á toda a poboación do territorio, 5 mesas sectoriais centradas en diferentes temáticas como turismo, cultura, comercio ou mobilidade e a celebración do I Fórum do Río Miño Transfronteirizo, e aínda quedan pendentes dúas mesas sectoriais máis e por suposto, este segundo Fórum, conseguindo unha participación moi alta”, apuntou Benítez.

Pola súa parte, o alcalde de Vila Nova de Cerveira e vice director da AECT Río Miño, João Fernando Brito Nogueira, lembrou que “o I Fórum foi un éxito de participación pública, cun diagnóstico oportuno para a rexión transfronteiriza, polo que esta segunda edición vai permitir perfeccionar a estratexia, de forma que imos contar cun instrumento con orientación propia, pero tamén imos poder presentar os nosos intereses e reivindicacións á Unión Europea”. Nogueira explicou que “a cooperación transfronteiriza está nos plans, polo menos teóricos, dos gobernos de Portugal e España e coa elaboración deste documento ‘Estratexia Río Miño 2030’ queremos contribuír para avanzar cara á práctica, pois somos nós mesmos os que mellor coñecemos este territorio e temos a responsabilidade de definir unha estratexia axeitada que sirva para dar resposta á necesidades sentidas”.

“O obxectivo principal é transformar dúas rexións periféricas nunha única área central. Temos excelentes condicións para sermos un territorio común, cuando naturalmente xa o é, pero hai que superar barreiras burocráticas sentidas na educación, na saúde, na xestión do río Miño, entre outras que soamente cunha actuación supra rexional poden ser superadas”, concluíu o alcalde portugués.



Por último, o director da Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais, Valerità Paül,

calificou o proceso de “éxito” e valorou a alta participación e implicación da sociedade civil. Paül adiantou que “tras estes meses de traballo hai moitas modificacións no documento borrador que se presentou no I Fórum, o cal é unha magnífica noticia porque quere dicir que se debateu de verdade, e anunciou que se recolleron preto dun centenar de propostas que formarán parte do ‘Plan de Acción do Río Miño Transfronteirizo 2030’”.

Paül destacou ademais a importancia deste estudo que “non foi realizado por unha consultora, senón que foi debatido e matizado pola sociedade civil” e incidiu en que a importancia do documento á hora de solicitar fondos europeos reside precisamente en saber primeiro que é o que queremos ser, e en que queremos investir eses cartos xa que moitas veces se solicitan axudas sen saber para que fan falla”.

O II Fórum do Río Miño Transfronteirizo, que se celebrará no Auditorio de Goián, en Tomiño, o vindeiro 29 de novembro será

o espazo elixido para aportar os últimos matices á elaboración da estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030, que se presentará a en xaneiro de 2019. O Fórum comezará ás 10:30 e rematará ás 14:30 cun brunch/networking. [As inscricións son gratuítas e poden facerse aquí.](#)

A Estratexia de Cooperación Intelixente do río Miño Transfronteirizo enmárcase no proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 % por fondos FEDER, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

II FÓRUM DO RÍO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO



☐ Pulsa para escoitar

29 de novembro de 2018

Auditorio de Goián-Tomiño

Organizan: Deputación de Pontevedra, AECT Río Minho, Comunidade Intermunicipal do Alto Minho e Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCCER)

Actividade encadrada no proxecto SMART MINHO-ESTRATEGIA DE

COOPERACIÓN INTELIXENTE DO RÍO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO,
cofinanciado nun 75 % polo FEDER a través do POCTEP 2014-2020.

PROGRAMA

(hora local)

**10:30 h Recepción de participantes, recollida das
credenciais e documentación**

11:00 h Acto de apertura

Participantes:

- Sandra González, alcaldesa de Tomiño
- Manuel Reigosa, presidente da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER) e reitor da Universidade de Vigo
- Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra
- Fernando Brito Nogueira, presidente da Cámara municipal de Vila Nova da Cerveira

11:30 h Inicio da sesión

**MESA: A ESTRATEXIA DE COOPERACIÓN DO RÍO MINHO
TRANSFRONTERIZO 2030**

Presenta e modera: Uxío Benítez, director do Agrupamento

Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT Río Miño), deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra

“A participación dos actores territoriais no proceso estratéxico”

Relator: Manuel Rodríguez, técnico da FCCER

“A estratexia para o Río Minho Transfronteirizo 2030”

Relator: Valerià Paül, director do FCCER

12:30 h Pausa para o café

13:00 h Inicio da sesión

**MESA: PROPOSTAS DE FUTURO PARA O TERRITORIO
TRANSFRONTEIRIZO DO MINHO**

Presenta e modera: Fernando Brito Nogueira, vice-director AECT Río Miño, presidente da cámara municipal de Vila Nova de Cerveira

Relatores:

- Xavier Martínez Cobas (Universidade de Vigo)
- José Rio Fernandes (Universidade do Porto)
- Francisco Carballo Cruz (Universidade do Minho)
- Sandrina Antunes (Universidade do Minho)

13:15 h Clausura

- Xosé Lago García, Subdirector xeral de Acción Exterior e de Cooperación Transfronteiriza da Xunta de Galicia
- Esther Silva, vicepresidenta da Comissão de Cooperação Desenvolvimento Região Norte (CCDR-N)
- Uxío Benítez, director da AECT Río Miño e deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra
- Jose María Costa, presidente da CIM-Alto Minho

13:30 h Brunch/Networking

[Formulario de inscrición](#)

[Descargar programa](#)

Uxío Benítez presenta en Bruxelas a Estratexia ‘Río Miño 2030’ e esixe que o investimento de fondos

Europeos na fronteira sexa real

☐ Pulsa para escoitar

Tras dúas xornadas de traballo, a visita institucional da AECT Río Miño a Bruxelas rematou hoxe cunha serie de reunións co Comité das Rexións e na sede da Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europea (DG Regio) nas que, segundo informou o director da AECT Río Miño e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, déronse a coñecer os proxectos que a agrupación está desenvolver neste momento, así como os seus plans de futuro, recibindo unha acollida moi positiva por parte dos diferentes estamentos europeos.

Durante os encontros, un dos principais temas tratados foi a necesidade de garantir que “os fondos europeos destinados ao desenvolvemento de territorios transfronteirizos se invistan realmente sobre estas áreas xeográficas, e non a centos de quilómetros delas”, segundo explicou Benítez. A este respecto a agrupación tamén se interesou pola tramitación dos regulamentos que rexerán os fondos do vindeiro marco financeiro 2021 – 2027, reclamando que “estas normativas contemplen a focalización do financiamento en proxectos que se desenvolvan especificamente en zonas comúns transfronteirizas”.

Outra cuestión destacada nas reunións foi a presentación da estratexia “Río Miño 2030”, un estudo profundo do territorio transfronteirizo do río Miño que se vén realizando durante os últimos meses baixo a coordinación da AECT. Uxío Benítez apuntou que tras a elaboración deste documento, que inclúe un paquete de accións a desenvolver no territorio, é necesario “contar cunha ferramenta que permita xestionar do xeito máis eficiente os fondos europeos que recibimos” polo que reclamou a formulación dunha “Inversión Territorial Integrada” (ITI)

para o río Miño.

Pacto europeo polo clima e a enerxía

Tras reunirse con representantes do movemento polo Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía, a AECT Río Miño anunciou hoxe que promoverá a adhesión dos concellos do territorio transfronteirizo este movemento europeo.

“O combate contra o cambio climático e a busca da eficiencia enerxética serán un dos proxectos clave da estratexia do Río Miño 2030, que se presentará a finais deste mes no II Fórum do Río Miño Transfronteirizo”, adiantou Benítez. “O val do Miño será un territorio eficiente enerxeticamente, comezando por fixar os obxectivos locais de redución de CO2”.

A propia agrupación adherirase ao pacto e promoverá plans de acción de eficiencia enerxética e de redución dos niveis de CO2 en todos os concellos da rexión ao mesmo tempo que prestará apoio técnico na elaboración dos obxectivos, e da creación e monitorización dos indicadores dos citados plans de acción.

A través do Pacto dos Alcaldes, máis dun millar de autoridades locais e rexionais europeas asumiron o compromiso voluntario de mellorar a eficiencia enerxética e utilizar fontes de enerxía renovable nos seus territorios, propóndose superar o obxectivo da Unión Europea de reducir nun 20% as emisións de CO2 antes do 2020.

Uxío Benítez reclama en

Bruxelas un maior financiamento para programas sociais dirixidos á poboación do territorio transfronteirizo

□ Pulsa para escoitar

A delegación da AECT Río Miño que se atopa de visita institucional en Bruxelas reuniuse hoxe con Dirección Xeral de Emprego, Asuntos sociais e Inclusión da Comisión Europea. Durante a xuntanza tratáronse diferentes cuestións relacionadas co financiamento de programas sociais e a comitiva tivo a oportunidade de reunirse conxuntamente cos representantes das Unidades Territoriais de España e Portugal, por petición expresa da AECT.

Durante o encontro, o director da AECT Río Miño e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, puxo de manifesto a necesidade de contar cun maior financiamento para programas sociais de carácter transfronteirizo que permitan, por unha banda, poñer en marcha iniciativas destinadas á empregabilidade da xuventude, e por outra, tratar o problema do avellentamento da poboación nos concellos da fronteira, con iniciativas dirixidas á atención e mellora da calidade de vida das persoas maiores. Do mesmo xeito, Benítez sinalou a importancia de poñer en marcha programas de fixación da poboación nova mediante o apoio a iniciativas transfronteirizas. “Os programas do Fondo Social Europeo, como o Erasmus ou Programa Europeo de Emprego e Innovación Social (EaSI), deben ser utilizados para a fixación da poboación xuvenil da fronteira”, apuntou.

Por último, a delegación acompañou aos representantes dos concellos de Tomiño, A Guarda e Melgaço, que asistiron a unha xuntanza da iniciativa do Pacto polos Alcaldes, movemento europeo no que participan máis dun millar de autoridades locais e rexionais que asumiron o compromiso voluntario de mellorar a eficiencia enerxética e utilizar fontes de enerxía renovable nos seus territorios, propóndose superar o obxectivo da Unión Europea de reducir nun 20% as emisións de CO2 antes do 2020.

Na axenda de mañá están previstos varios encontros con diferentes representantes da DG Regio e do Comité das Rexións e da Comisión de Cooperación Territorial do Parlamento Europeo.

Abrimos un espazo virtual de participación para toda a cidadanía transfronteiriza!

☐ Pulsa para escoitar

Instamos a participar para achegar opinións, necesidades ou suxestións sobre o futuro e o desenvolvemento do territorio da raia

As persoas interesadas en participar poderán facelo [a través da web](#)

0
proce
so
parti
cipat
ivo
da
'Estr
atexi
a de
Coope
ració
n do



Enquisa

Participa na Estratexia do territorio Río Miño transfronteirizo

Fai a enquisa e consegue un galano moi especial!

Río Miño Transfronteirizo 2030' pretende chegar a toda a cidadanía do territorio da raia e coñecer cales son as súas opinións sobre como tirar rendemento de forma conxunta das potencialidades naturais e económicas que existen en ámbalas dúas marxes. Para iso vén de poñerse en marcha unha enquisa virtual a través da páxina web do proxecto europeo Smart Minho -impulsado pola Deputación de Pontevedra e, CIM Alto Minho e a Fundación CEER-.

A través desta enquisa todas aquelas persoas vencelladas dalgún xeito ao territorio do Río Miño Transfronteirizo poderán plasmar as súas opinións, necesidades e suxestións, reflectindo así cales son os elementos que consideran máis relevantes, a súa valoración sobre determinados servizos (actividades culturais, mobilidade, servizos de educación e saúde, entre outros), ou o seu parecer sobre aspectos concretos como, por exemplo, o desenvolvemento dunha marca específica para os produtos locais ou a creación dunha marca turística.

Coa información obtida, analizada e procesada, elaborárase un informe de participación no que esta enquisa será un fluxo de información moi relevante para proceder á incorporación dos diferentes resultados do proceso á versión definitiva da

Estratexia final e o seu Plan de Acción. Toda a información do proceso participativo está dispoñible no seguinte enlace: <http://smartminho.eu/participa/>.

Esta enquisa a través da web do proxecto permitirá completar outros mecanismos de participación como son as mesas sectoriais que arrancaron o pasado 24 de setembro e que están decorrendo cun gran éxito de participación. Segundo explica o presidente da AECT Rio Minho, Uxío Benítez, é moi importante contar coa máxima participación co fin de que as futuras liñas de actuacións sexan consensuadas entre todas as partes implicadas tanto de xeito directo como indirecto.

O nacionalista insiste, de feito, en que aquelas persoas que non poidan asistir ás mesas sectoriais se sumen igualmente ao proceso de participación cidadá aportando as súas achegas e suxestións a través da páxina web, no 'Espazo virtual transfronteirizo de participación cidadá' habilitado con esa finalidade e que estará aberto até finais de outubro deste ano. "Todas as aportacións, por pequenas que sexan, suman información para poder potenciar un territorio tan rico como o do Miño na boa dirección", finalizou.

A 'Estratexia de Cooperación Intelixente' do río Minho Transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 %, cun orzamento total de 942.022,47 euros.